

11 de decembro 2020 20,30 h. Auditorio Cangas

AS CINÉPHILAS



FICHA TÉCNICA

Argentina, 2017

V.O. subtitulada

Dirección: María Álvarez

Guión: María Álvarez

Intérpretes: Paloma Diez-Picasso, Chelo Domínguez, Estela Clavería, Norma Bárbaro, Lucía Aguirre.

Fotografía: Tirso Díaz-Jares Rueda

Duración: 71 min

2017: Premio do Público BAFICI

2018: Premios Sur: Nomeada ao Mellor documental

SINOPSE

As cinéfilas do título son mulleres xubiladas e carismáticas da Arxentina, España e Uruguai, que van ao cine todos os días. A ficción vaise ir colando nas súas vidas coma unha pingueira e deixando pegadas na memoria.

*“Con paciencia e sensibilidade, a directora amósaas (ás protagonistas), déixaas ser e falar sobre a súa paixón cinéfila, que pouco a pouco vai deixando ver outros aspectos delas”. **Díario La Nación (Arxentina)***

CRÍTICA

As cinéfilas do título son seis: dúas arxentinas, dúas uruguayas, dúas españolas. En Buenos Aires e en Mar del Plata (unha delas viaxa a participar no festival desa cidade), en Montevideo ou en Madrid estas sexaxenarias, septuaxenarias e até octoxenarias concorren case todos os días -mesmo con bastón ou con andador- ás funcións vespertinas de cinematecas e salas de arte e ensaio.

Alvarez segue de preto (e até se involucra directamente con elas) a estas seis velliñas, que por momentos resultan entrañables; noutros, irritantes; en certas pasaxes son hilarantes; noutros, bastante patéticas. A directora aposta pola espontaneidade, pola naturalidade e non lle molesta certa descoido no rexistro (a cámara vese en sombras e espellos, por exemplo) porque o que quere transmitir é a esencia destas damas cinéfilas.

O filme non é tanto sobre a cinefilia da terceira e cuarta idade (aínda que as xubiladas falan dos seus títulos e intérpretes favoritos) senón máis ben sobre a soidade e o paso do tempo. Nese sentido, aínda que a película funciona como crowd-pleaser (houbo aplausos até na función de prensa do BAFICI que foi a súa primeira exhibición pública), en realidade é un relato melancólico e por momentos mesmo bastante triste: lidar coa velez, a degradación, a ausencia e a inminencia da morte non é tarefa fácil e elas fano como poden: ás veces con humor negro e outras con torpeza.

Máis aló de que o interese polas distintas historias é dispar (algo inevitable nunha aposta coral coma esta), a narración reséntese por momentos cunha musicalización que tapa os silencios e acentúa o ton crepuscular e nostálgico da proposta. Unha decisión que, de todos os xeitos, non invalida nin minimiza os achados que As cinéfilas evidentemente ten.

"Eu empezaría con imaxes mudas de "As cinéfilas", despois vén o título e apareces ti explicando: onde van estas señoras? Seguímolos?", suxírelle a Álvarez unha das súas entrevistadas. Logo aclara que sería un plaxio a conciencia de "E la nave va", pero necesario "para xerar unha especie de intriga; se non, que é isto? Mulleres que van ao cine? Iso que é?". Iso é As cinéfilas: un documental sobre mulleres que van ao cine, pero que non necesita suspenso nin plaxios para ser máis grande que a vida. No canto de artimañas, aquí hai rigor cinematográfico, serenidade e seguridade; hai unha paciencia que rende froitos apetitosos e hai, sobre todo, emocións que viaxan entre pantallas e persoas, do cinema á vida, ida e volta. Aínda que a directora non lles fixo caso do todo, as "cinéfilas", tan amables pero tan

esixentes, deben estar moi orgullosas da súa película.

Diego Batlle. Otrosines.com

Extracto entrevista coa directora

-Como definirías a película?

-É un documental coral sobre mulleres xubiladas de distintos países que van ao cinema todos os días.

-Cales foron as principais procuras e desafíos que se expuxeron ao facela?

Desde os meus anos de estudante de cinema, veño compartindo as funcións da tarde con señoras maiores. Alén do amor polas películas, interesábame o cinema como lugar de contención da soidade e o paso do tempo. Cada unha das "cinéfilas" é unha pincelada dunha sombra difusa: o meu propio futuro. O maior desafío foi a edición: construír un relato con certa curva dramática sen unha voz en off nin unha historia concreta. Ir levando ao espectador de "cinéfila" en "cinéfila" trezando as historias para conformar unha especie de gran personaxe único que deixase ao descuberto o diálogo que existe entre a ficción e a vida.

Como foi o proceso de produción e con que apoios contaches?

O documental producímolos Tirso Díaz-Jares e eu. Tivemos que adecuar a súa realización á nosa vida e aos outros traballos que temos e que nos permitiron facelo. As limitacións de filmar moitas veces soa, sacando a cámara da carteira, terminaron sendo parte intrínseca do documental, a forma afecta ao contido. Na etapa final sumouse Daniel Rosenfeld como produtor asociado e obtivemos un fondo de posprodución para documentais dixitais do INCAA que nos axudou a terminalo.

Como ves ao BAFICI e que cuestións debería modificar (ou polo menos revisar) de cara ao 20º aniversario do ano que vén?

Desde que se creou, trato de ir ao BAFICI sempre que podoo. Iso que algúns lle critican (con películas "raras") para min é o seu forte, o extremo da súa programación. Aí está a adrenalina, en non saber ben que vas ver. Creo que abre a pregunta de que é o bo cinema, a subxectividade que supón. Algo paradoxal é que vin moitas películas que me pareceron moi boas nas edicións pasadas e apenas as lembro. Pero una das peores películas que vin nunha sala de cinema tamén a vin nun BAFICI. Foi hai moitos anos, non a esquecín e preguntome: Tan mala foi?. Creo que o BAFICI é un festival que ten o seu sinal e vaise puíndo a si mesmo.